



R E V I S T A O R A L

Nº 6

Sábado, 28 de marzo de 2009. Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar (da Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 19 horas. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Duración aprox.: 1,30 h. Coordina: **Antonio Reigosa**.

SUMARIO

Portada musical

Tema: *Orixe*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Teatro

Representación dun anaco da obra *Desde o Porto a San Ciprián*, por **Ardora**.

Interveñen as actrices: **Mª Paz Rodríguez, Clara Rey, Luisa Caramés, Josefa Núñez, Mª José López, Lidia Pernas e Adela López**, (10')

Cine sensible

De aldeanos (de aldeáns). Unha curta de **Edu Lavandeira** (4')

Humor con amor pola lingua galega

Hai pa todos e patadas, por **Carlos Jiménez e os seus personaxes** (7')

Música

Tema: *Nacer*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Cine sensible

Galicia 2098. Unha curta de **Edu Lavandeira** (7'12")

Humor con amor pola lingua galega

The future is now por Paco Vázquez, por **Carlos Jiménez & CO** (7')

Música

Tema: *Adeus*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Exposición

Fragmentos... [de Lugo], por **Xoán M. Guerreiro** (10')

Música

Tema: *A Chía*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Humor con amor pola lingua galega

Iconos e iconás do noso idioma, por **Carlos Jiménez & CO** (7')

Música

Tema: *Fonte Sagrada*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Teatro

Representación dun anaco da obra *A criada xorda*, por **Ardora**.

Interveñen as actrices: **Adelina Fernández, Adela López, Mª José López, Lidia Pernas, Luisa Caramés, Josefa Núñez, Clara Rey e Mª Paz Rodríguez** (10')

Música

Tema: *Asa*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Opinión

Intervención do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *Nube*

Intérprete: **Xoán Curiel** (3')

Ardora

Os mariñeiros de San Cibrao aproveitaban a fosforescencia natural que na noite desprende un grupo de peixes para poder pescalos. A ese brillo chámánlle ardora., un brillo colectivo, onde tódolos peixes contan pero ningún é imprescindible. Este colectivo teatral fixo a súa presentación en San Cibrao o 6 de maio de 2007 coa representación de *A criada xorda*, obra coa que acadaron éxitos notables. No ano 2008 o colectivo *Ardora* repite a experiencia do obradoiro teatral e, despois de varios meses de ensaio, estrea a súa segunda peza titulada *Desde o Porto a San Ciprián*. No 2009 prepara *Estigmas* para ser estreada en xuño con motivo da celebración do “Día da Muller do Concello de Cervo”. Tódalas obras son orixinais de **Francisco Piñeiro**. Dirixe **Mª Paz Rodríguez Silva**, monitora teatral con máis de dez anos de experiencia, nos que dirixiu múltiples obradoiros escénicos en colexios, asociacións culturais... O seu traballo como actriz está avalado por máis de catorcentas representacións nas que deu vida ás personaxes máis destacadas de tódalas obras do grupo de teatro “O Bordelo” de Cervo no cal tamén realiza labores de xestión, administración e codirección. Asemade, é coautora de diversos traballos etnográficos publicados en diversas revistas.

Curtas

Galicia 2098 *Os coches non voan. A xente non se teletransporta. Os seres humanos non están clonados. As profecías non se cumpriron. Agás a que se refire ao galego.* Con **Xoán Beiro, Pedro Hernández, María Maceiras e J. Carlos Wenceslao Carrasco**. Dirección, guion e produción: **Edu Lavandeira** (2008). Premio na categoría de Lingua Galega no I Festival “Curtas na rede”. Premio mellor guión de promoción no III Festival “Curtas na rede” e Premio do público nas Xornadas de Formación de Vedra

De aldeanos (de aldeáns) *Hai preguntas que non teñen resposta. E respuestas que non teñen sentido. Ata onde pode chegar a ignorancia?* Dirección, guion e produción: **Edu Lavandeira** (2006). Premio mellor curta de promoción no I Festival “Curtas na rede”.

Edu Lavandeira vigués.,28 anos. Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas. Guionista da TVG en programas de entretemento como *Son de Estrelas* (2008), *A polo Bote* (2006) ou *O Programón* (2006). Script de cine, das longametraxes “*Catalina*” e “*De Bares*” de **Mario Iglesias**. Director de varias curtametraxes, ademais das que proxectamos,

como “*857*”, micrometraxe finalista no certame de curtas por internet *Notodofilmfest.com*. Agora é o presentador do *late night* radiofónico da Radio Galega “*Estamos en crise*”, que se emite os venres de unha a tres da madrugada.

Curiel, Xoán

Nai é o primeiro álbum de **Xoán Curiel**; contén as súas creacións en lingua galega. Nel comparten espazo as súas letras e músicas cunha marcada influencia dos ritmos étnicos do mundo, así como as poesías de **Antía Otero e Gisneide Nunes**, as voces de **Uxía e Jara Ortiz**. Tras anos de experiencia tocando en Galicia, Italia (Livorno), Barcelona, Alicante, Valencia e Madrid, no ano 2007 actúa por toda Galicia dentro do ciclo “Música ao Vivo 2007” e por Portugal no ciclo “Outonalidades’07”. Agora no 2008, despois dunha intensa promoción en prensa escrita, radio e tv, presenta o seu disco *Nai* no Teatro Principal en Compostela, no Fórum Metropolitano da Coruña e en Sevilla no “Lar Galego”. Continúa agora a súa xira por Galicia neste inverno (Cariño, Carral, Centro Rosalía de Castro de Padrón...) No 2009 viaxou a Brasil (Fortaleza e Sao Paulo) continuaría a súa xira en maio por Francia (París), Madrid, País Vasco, Portugal e Italia para dar a coñecer o seu traballo. Na web www.xoancuriel.com poderán escoitar cancións e entrevistas na radio ou ver notas de prensa de diarios galegos e brasileiros e un vídeo da presentación do Teatro Principal en Santiago cantando xunto con **Uxía**.

Jiménez, Carlos

Nacín en Viveiro en 1971 e despois de estudar en Santiago (Museoloxía), loxicamente ao non atopar traballo do meu, e antes de acabar a carreira púxenme a traballar en dobraxe, que é o que fago tamén agora, xunto coa radio, a *tele*, e a publicidade. No 1994 gañei o *Premio Galicia de Comunicación* e a *Curuxa de Humor* de Fene cos meus compañeiros de *Corre Carmela que Chove* polo noso programa de humor en Radio Voz. A continuación con **Paco Lodeiro** formamos o dúo humorístico *Risoterapia* co que traballamos tanto en televisión como en Radio Voz e incorporámonos á Radio Galega máis adiante, na que traballo desde o ano 1998 ata hoxe en día, actualmente no programa *Un día por diante*.